Num. 241

FOUCE

Marzo 2006

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

TÁBOA

■ **Galiza**

O SLG leva a Carballo a súa campaña contra a OMC

Carballo foi a última etapa cuberta polo SLG nunha campaña contra a OMC que se vén desenvolvendo dende comezos do verán pasado. Actuacións musicais, contos, maxia e mostra de produtos da terra, foron as armas coas que o SLG volveu denunciar as ameazas da OMC que pesan sobre a agricultura labrega. **Páx. 7**

■ **Aldea Global**

Campaña internacional contra as sementes Terminator

O Sindicato Labrego Galego uniuse a unha campaña internacional contra a posíbel autorización das sementes manipuladas xeneticamente para ser estériles, máis coñecidas por Terminator, que foron prohibidas no ano 2000 pola Organización de Nacións Unidas (ONU). **Páx. 9**

■ **Mulleres**

O Goberno revisará as axudas a labregas por ter fillos ao cargo

As denuncias do Sindicato Labrego sobre a discriminación que sufren as mulleres labregas que teñen dereito á paga por fillos menores de tres anos comezaron a ter o seu efecto: os ministerios de Economía e de Traballo contestaron con varias misivas aos informes do SLG. **Páx. 13**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

Parte do viño parado en Monterrei podería venderse grazas ás xestións do SLG

■ As negociacións entre o Sindicato Labrego e un importante grupo empresarial buscan dar saída a parte do viño a granel almacenado na DO Monterrei a un prezo digno.

■ De prosperar as conversas, poderíase crear unha nova adega na DO que recollería o viño sen vender da campaña pasada, pagándoo a 8 euros a ola. **Páx. 11**



O SLG prensenta en sociedade o manual "Os riscos laborais na actividade agropecuaria"

O traballo desenvolvido polos técnicos do SLG en sinistraliedade agraria, Antonio Ferreiro e Marcos Louzao, deu o seu froito en febreiro coa presentación do manual "Os riscos laborais no sector agropecuario". Predicando co exemplo, o SLG uniuse ás reivindicacions da Asociación Galega de Apicultura (AGA), que denunciou masacres de abellas polo uso indiscriminado de pesticidas. Este é, tamén, un dos maiores factores de risco hoxe para a saúde de labregos e labregas. **Páxs. 2 e 3**



Gripe aviaria: a estreita fronteira que separa a realidade da paranoia

Nas últimas semanas sufrimos un auténtico bombardeo mediático pola ameaza da gripe aviaria. O SLG denunciou unha crise que, en realidade, non existe; que está a poñer en serio perigo a supervivencia da cría tradicional de aves; e que serve de excusa ás grandes integradoras para tirar os prezos da producion intensiva. No editorial de Fouce analízanse polo miúdo os miolos desta paranoia cebada polos medios de comunicación. **Páxs. 4 e 8**

A floricultura galega ameazada polas importacións a baixo custe de Colombia

Baixo o título "A globalización dos caraveis", Fouce indagou na realidade dun dos sectores agrarios menos coñecidos do noso país: a floricultura. Para iso, entrevistamos a dúas afiliadas do SLG socias da cooperativa Agroflor, de Ferrolterra. Ambas coincidiron en sinalar ás importacións a baixo custe de Colombia como a máxima ameaza da súa actividade profesional. Nin a beleza das flores resulta inmune á agresividade da globalización. **Páx. 5**



Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Ramón Barreiro, Silvia González, Beatriz Lijó, e Gabriel López.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

O SLG segue coa campaña para reducir os sinistros no agro galego

Presentou ante aos medios de comunicación a guía "Os riscos laborais na actividade agropecuaria"

As últimas estatísticas oficiais rexistraron 1.489 accidentes relacionados coa actividade agropecuaria, dos cales 127 foron graves e 4 remataron coa vida da persoas. Nada que ver coa realidade pois, cos datos que manexa o SLG, só en accientes de tractor morreron, alomenos, unha ducia de persoas no 2005. No presente ano, xa van tres. Estes serviron para advertir sobre un problema que segue a ser materia pendente da Administración.

O Sindicato Labrego Galego presentou o libro "Os riscos laborais na actividade agropecuaria" o pasado 8 de febreiro en Compostela. No acto participaron a Secretaria Xeral, Lidia Senra, e un dos autores e experto en sinistralidade laboral do SLG, Antonio Ferreiro, que redactou a obra man a man con Marcos Louzao. Culminaba así un esforzo de varios meses por acadar un manual que sirva de referencia para labregos e labregas á hora de coñecer os perigos que encerran todas e cada unha das tarefas da actividade agropecuaria.

O acto de presentación serviu tamén para denunciar a inexactitude das estatísticas en sinistralidade laboral agraria que, segundo datos do SLG, puideron superar a ducia de mortes por accidentes de tractor, cifra que os datos oficiais reducen a catro.

"Os riscos laborais na actividade agropecuaria" saíu á luz coa intención de converterse nun manual de referencia nas explotacións agropecuarias do noso país. Neste senso, é a primeira vez que en Galiza se edita unha publicación destas características, que cubra de xeito integral todo o espectro de riscos aos que se enfrontan os profesionais de actividades agrarias, gandeiras e forestais; así como os consellos axeitados para prevelos. Tamén hai que destacar que esta é a primeira obra na que se tratan os riscos laborais específicos das mulleres labregas.



Antonio Ferreiro e Lidia Senra convocaron aos medios de comunicación para presentar o novo manual de Edicións Fouce

Catro accidentes laborais no agro cada hora no Estado Español

"Os riscos laborais na actividade agropecuaria" é unha obra necesaria á luz dos datos estatísticos. En España prodúcense catro accidentes laborais no cada hora na actividade agraria. En Galiza, e segundo o Instituto Galego de Estatística, no 2004 houbo 1.358 accidentes leves e 127 graves, cun saldo de 4 vítimas mortais. Non embargante, ese mesmo ano, o SLG constatou alomenos dez mortes só por envorcado de tractor, polo que fica patente que as estatísticas oficiais reflicten de maneira parcial a realidade. No 2006, xa houbo tres mortes por este motivo.

Outro dato salientábel é que, no sector agropecuario galego, hay 189 accidentes por cada 100.000 traballadores e traballadoras, cifra que supera á de sinistros no sector industrial, que é 171.

Os agrotóxicos: unha morte que non se ve

Aparte do manexo de maquinaria, un dos eidos máis perigosos na actividade agropecuaria é o relacionado coa utilización de fitosanitarios. Neste caso non existen estatísticas e, o meirande das veces, nin sequera coñecemento por parte das persoas que poden padecer enfermidades ou eivas orixinadas polo manexo de agrotóxicos; non embargante, tanto Lidia Senra como Antonio Ferreiro coincidiron en destacar que, actualmente, hai miles de labregos e labregas que utilizan produtos como pesticidas sen ningún tipo de formación nin información, e cunha total inconsciencia dos riscos que entrañan: malformacións fetais en embarazadas, cancros, perda de fertilidade, incapacidade laboral permanente en xente moza, etcétera.

Ademais, nos seus nove capítulos, o libro aborda tamén os riscos laborais derivados do contacto con animais ou coas adversidades e condicións climatolóxicas, no traballo forestal, e consellos de ergonomía e hixiene.

O Sindicato Labrego publicou este libro no marco dun convenio asinado coa extinta Consellaría de Asuntos Sociais no ano 2005, no que se comprometía a realizar unha campaña de sensibilización entre as xentes do agro para



formar e informar sobre os riscos que entraña o seu traballo diario. Antes, no 2004, un convenio da mesma caste con Asuntos Sociais serviu para formar a persoal especializado dentro do sindicato para poder realizar este labor. Lidia Senra e Antonio Ferreiro manifestaron a súa confianza en que a nova Consellaría de Traballo renove no 2006 o convenio para poder seguir traballando nesta materia pendente do agro galego.

O SLG apoia a campaña de denuncia contra os agroquímicos da Asociación Galega de Apicultura

Os pesticidas sistémicos neurotóxicos e a desaparición masiva de abellas en Galiza

O último encontro anual da Asociación Galega de Apicultura (AGA), celebrado o 4 de febreiro en Compostela, aproveitouse para denunciar o masacre que están a sufrir as nosas colmeas por mor do uso indiscriminado de pesticidas sistémicos. As nosas colmeas están en perigo de extinción, e a paciencia dos nosos abelleiros e abelleiras tamén. Agora mesmo, son moitas as explotacións apícolas que teñen en mente pechar. Mentres que en Francia xa se prohibiron, en España seguen autorizados estes pesticidas a pesares de arruinar a todo un sector.

Aínda que non temos cifras para expresar a magnitude global deste problema en Galiza, si hai indicadores locais que falan por si mesmos. Os socios e socias de AGA revelaron que nalgúns concellos da bisbarra de Compostela (Santiago, Padrón, Rois, Val do Dubra, Santa Comba e Arzúa) perdéronse entre o 30% e o 100% das abellas; en Ferrolterra, un recente estudo descubría que, dende 1985, a cabana apícola descendera nun 75%.

O problema da desaparición das abellas comezou a manifestarse en Galiza no ano 1999, coincidindo co uso masivo de pesticidas sistémicos neurotóxicos de maneira habitual na agricultura, tanto por vía foliar (Confidor®), como nas sementes tratadas, sobre todo no millo (Regent® ou Gaucho®). Precisamente, este tipo de pesticidas xa están prohibidos en Francia, onde as abellas tamén desapareceron de xeito masivo polo seu uso.



Os pesticidas fan que as abellas perdan a orientación e rematen morrendo lonxe da colmea

15.000 apicultores ao paro e 8.000 toneladas menos de mel en Francia dende 1995

O caso francés é ben ilustrativo. Entre 1970 e 1980, en Francia procedeuse á implantación masiva de cultivos de colza e xirasol. De primeiras, apicultores e apicultoras tiñan motivos de ledicia, pois este tipo de plantas son moi nectaríferas e ían permitir un grande incremento da produción de mel.

Pero a euforia non tardaría en rematar diante das primeiras desfeitas de abellas intoxicadas polos tratamentos fitosanitarios nos anos noventa. A produción francesa de mel pasou de 32.000 toneladas en 1995 a menos de 25.000 no 2003; o descenso tivo caídas de ata o 80% nas zonas de grandes cultivos. Nese mesmo período, 15.000 profesionais da apicultura abandonaron a actividade.

As causas naturais e humanas non abondan para explicar esta desaparición masiva de abellas. O que si a explica é o desenvolvemento, entre 1993 e 1994, de novos tratamentos fitosanitarios coma os pesticidas neurotóxicos sistémicos para o tratamento das sementes.

En países como Bélxica, a mortalidade das abellas supera o 50%. En Alemaña, onde segue autorizado o Regent® para os cultivos de colza, a situación non é mellor. Pola contra, en Luxemburgo, onde existe a obriga de facer estudos de impacto medioambiental antes de aplicar calquera fitosanitario, a mortalidade das abellas abanea só entre o 5% e o 10%, que é a taxa que existía antes do uso masiva de pesticidas.



O profesor francés Belpomme advertiu que "o cancro e a saúde pública non son de dereitas nin de esquerdas"

Tras toda esta mortalidade atópanse a utilización de produtos coma o Regent®, a base de fipronil, ou o Gaucho®, con imidacloprid. Grazas á presión de apicultores e apicultoras, ambos pesticidas foron prohibidos en Francia.

En palabras pronunciadas no XV Coloquio Nacional de Apicultura Francesa, o profesor Belpomme, da Universidade de París, advertiu que "o problema non é saber se dentro de cincuenta anos teremos mel; o problema principal aféctalle á fecundación das flores. De seguirmos matando as abellas, non teremos máis flores nin froita. O cancro, a saúde pública e a ecoloxía non son de dereitas nin de esquerdas"

Unha grande peste para o agro do novo milenio

Os pesticidas son produtos mutaxénicos e reprotóxicos, é dicir, que para atacar ás pragas actúan por neurotoxicidade inhibindo encimas do sistema nervioso.

O problema é que a neurotoxicidade non só afecta aos insectos a controlar: tamén mata peixes, plantas acuáticas, pequenos mamíferos e paxaros. Evidentemente, tamén afecta ás persoas que os aplican, vía respiratoria; ou a calquera ao inxerir comida tratada con estes tóxicos.

Tomando o exemplo do Fipronil, este pode provocar en casos de toxicidade aguda (intoxicación inmediata) dores de cabeza, convulsións e náuseas.

O peor son os casos de toxicidade crónica, é dicir, cando a intoxicación se produce ao longo do tempo por acumulación. Aí, o Fipronil está relacionado co cancro de testículos, sendo os principais afectados os nenos e nenas de profesionais da agricultura. Tamén se relaciona coa leucemia, lipomas, tumores cerebrais, e mesmo Parkinson en xente nova.

Polo demais, os pesticidas son unha bomba de reloxaría ecolóxica, pois esterilizan os solos ao destruír os organismos indispensábeis para o humus. Por se non abondase, os pesticidas fortalecen o que pretenden combater, pois os insectos e as pragas son cada vez máis resistentes ao habituarse a eles. En 1938, había sete insectos resistentes aos pesticidas; en 1954, xa eran 23; en 1982, a cifra xa era de 432.

nº 241
Marzo de 2006
FOUCE

Editorial

Gripe aviaria: da realidade á paranoia

Vai para cinco meses que saltaba a nova da chegada da gripe aviaria, na súa variante H5N1, ás fronteiras de Europa. Tratábase dunha enfermidade animal que leva matados millóns de aves no suleste asiático, e que non nos é estraña. pois outros subtipos coma o H7N7, H7N7, ou o H5N2 xa teñen causado estragos nas explotacións industriais de Estados Unidos, Holanda ou Italia nos últimos dez anos.

A esta enfermidade achácaselle a morte dunhas setenta vítimas en todo o mundo nos últimos tres anos, en zonas onde o paludismo, o tifo, a disentería, ou a malaria, levan matados millóns de persoas no mesmo período de tempo. Os medios de comunicación empéñanse en realizar unha campaña semellante a aquela da pneumonía atípica, outra enfermidade descoñecida que prometía reducir á poboación mundial á metade en tan só uns meses, e que desapareceu dos titulares tan rápido como apareceu. ¿Estamos, daquela, ante un verdadeiro risco para saúde humana ou só ante unha enfermidade animal?

Os medios de comunicación estannos a alertar sobre a chegada da nai de todas as pandemias. Hai quen pide o peche de todas as aves de curral, o censo de todos os galiñeiros e, na Alemaña, onde atoparon un gato morto con presencia do "mortal" virus, o encerro de cans e gatos. Aquece, entón, que nos fagamos unha pregunta e unha reflexión:

¿Que é a gripe aviaria?

Esta doenza é causada por un grupo de virus ARN da familia *Ortomixoviridae*, na cal tamén están incluídos outros virus da gripe (influenza A), nomeadamente algúns das gripes humanas.

Atendendo a que o virus H5N1 é moi patoxénico para as aves, especialmente para as domésticas, existe o risco de que a doenza se propague converténdose nunha panzootia. Esta propagación da enfermidade poderíase dar a través do comercio de animais vivos con interese comercial; ou a través dos fluxos migratorios de aves silvestres, xa que son estas as que acostuman a producir a diseminación do virus na natureza, especialmente as acuáticas (parrulos, gansos, cisnes, etcétera), aves nas que, en moitos casos, o virus non chega a expresarse e producir a enfermidade. Así, podería explicarse tanto a recente chegada do virus a Europa, vía aves migratorias; como a Nixeria, onde o virus chegou a unha granxa industrial de cría de polos nunha partida de ovos contaminados ou de aves enfermas.

Nos últimos tres anos todos os estados membros da Unión Europea foron obrigados a aplicar un "Plano de Vixilancia" da gripe aviaria. Neste período foron detectados virus da gripe aviaria en Bélxica, Francia, Italia e Holanda. Neste último país, en marzo de 2003 foron destruídas preto de 25 millóns de aves domésticas.

A reflexión

Os telexornais abren as súas edicións día si, día tamén, coa gripe aviaria. Danlle a esta enfermidade o tratamento de pandemia, termo reservado para as grandes epidemias na saúde humana. Como temos visto, non se trata de tal cousa: só é unha enfermidade animal. ¿Por que tanto interese entón en falsear a realidade? Aquí é onde entran en xogo as grandes empresas transnacionais farmacéuticas. A principal interesada en estender o pánico é Roche, fabricante do antiviral Tamiflu, do que están se están a fornecer o meirande dos gobernos, especialmente do primeiro mundo, e mesmo é custodiado, como no caso do Estado español, polo Ministerio de Defensa, como se estivesemos diante dunha auténtica situación bélica.

A eficacia deste medicamento está a ser máis que cuestionada, primeiramente porque non se ten demostrado eficaz fronte ao virus H5N1; e logo, porque en países onde se ten estendido o seu uso, coma no Xapón, onde levan morto 17 nenos e nenas con cadros clínicos que van desde reaccións alérxicas severas e colapsos nerviosos, ata alteracións psíquicas varias (alucinacións, ataques de histeria, etcétera), que levaron a algúns pacientes ao suicidio. Numerosos medios de comunicación internacionais mencionaron as mortes, mais rapidamente desapareceron das axencias de prensa.

"Aínda que nunca ninguén viu un parrulo salvaxe comendo nun galiñeiro, este parece ser o grande perigo da extensión da enfermidade na nosa xeografía".

O certo é que se están a realizar transaccións económicas por varios millóns de euros para mercar un medicamento que parece máis perigoso do que puidera ser un hipotético "salto" da enfermidade animal á especie humana. De feito, e sen chegar a darse ese salto entre especies, non é raro que as persoas que se relacionan estreitamente con animais enfermos "collan" as súas enfermidades, e isto é ben sabido pola xente do rural. Pero de aí a ser causa de morte, hai un longo treito. De feito, estase a falar dunhas seis ducias de mortos pola gripe aviaria H5N1 en todo o mundo nos últimos tres anos, unhas setenta persoas que presentaban -probabelmente- antes de contraer a enfermidade, problemas alimentarios, inmunodeficiencias, etcétera. Certamente, é un número ridículo se o comparamos, por exemplo, cos 29 mortos por gripe humana que se deron na Galiza en tan só tres meses do inverno de 2003, último dado estatístico publicado, unha cifra que, máis ou menos, se repite anualmente.

Logo está o interese de condenar as explotacións tradicionais e aquelas que son mais respectuosas co benestar animal e a posta no mercado de produtos de calidade, aquelas que crían os seus animais ceibos ou ao ar libre. Aínda que nunca ninguén viu un parrulo salvaxe comendo nun galiñeiro, este parece ser o grande perigo da extensión da enfermidade na nosa xeografía. Mais, curiosamente, sempre que esta enfermidade afectou aos países onde se dá a cría industrial intensiva de aves, foron as explotacións que seguen este modelo produtivo as máis afectadas, tanto no número de focos como, loxicamente, na cantidade de animais. De feito, o primeiro caso de H5N1 na Unión Europea, logo da aparición das primeiras aves silvestres mortas, foi nunha explotación intensiva de pavos en Francia. Non foi nos milleiros de galiñeiros que circundaban esa granxa. E así aconteceu tamén cos focos que se deron en Italia ou Holanda, onde foron, precisamente, as explotacións intensivas de pavos e polos as máis afectadas polo virus.

"A criminalización das explotacións tradicionais pode levar á perda do modelo produtivo ancestral propio do noso pobo".

A criminalización das explotacións tradicionais podería levar á perda do modelo produtivo ancestral propio do noso pobo. E todo en aras do outro modelo, industrial de animais pechados sen contacto con o exte- rior, de gaiolas onde se amorean e estresan as pitas, de hormonas, de pensos inzados con medicamentos. Non podemos ficar qued@s diante desta agresión. As perdas sufridas pola avicultura tradicional son difíciles de cuantificar a día de hoxe. Sen a chegada da enfermidade, pódese falar de medio millón de animais que se deixaron de criar nestes últimos meses nos nosos currais, tanto para autoconsumo como para a súa venda, logo da súa prohibición en feiras e mercados.

Desde o Sindicato Labrego Galego temos que estar atent@s e reclamar das distintas administracións as axudas necesarias para paliar esta importante perda nas nosas rendas, pois xa se están apurando empresas e integradoras en reclamar para si estes apoios económicos, aducindo a baixada no consumo de pitos de granxa (algo irreal e que, en todo caso, amañan habitualmente conxelando os polos que non se venden para sacalos logo ao mercado). Debemos esixir tamén responsabilidade e información científica, e que sexa esta a que se empregue nas decisións, para que non sexan os medios de comunicación quen dirixan a crise.

As cooperativas de floricultura galegas vense ameazadas polas importacións a baixo custe de Colombia

A globalización dos caraveis

A beleza das flores tampouco deu fuxido andazo da globalización. Hoxe, tras dun caravel pode agacharse todo un submundo de explotación laboral, represión de sindicatos, ou contaminación do medio ambiente. Iso é o que acontece en Colombia, o segundo país produtor de flores do mundo, e iso explica en parte que un caravel colombiano, despois de cruzar o Atlántico, se poida vender máis barato nas nosas florerías que o que custa producilo aquí. Dúas afiliadas do SLG e floricultoras, Begoña e Carme, axudarannos a retratar como se vive isto en Galiza.

A floricultura foi promovida polo Banco Mundial en Colombia nos anos setenta, xa que este país reunía as condicións ideais para este tipo de produción: topografía plana, calidade da terra, e temperatura entre 17 e 25º para producir todo o ano.

A isto únense avantaxes fiscais: o cultivo de flores non paga impostos como actividade industrial; non paga taxas para a importación de insumos, e benefíciase de preferencias arancelarias en Europa.

Hoxe, en Colombia hai unhas 500 empresas que producen máis de corenta tipos de flor en 4.900 hectáreas, copando o 14% das exportacións mundiais. En 2002, Colombia exportou flores por un valor de 566 millóns de euros.

Labregas por 110 euros ao mes

Trala face bonita deste negocio tan *florecente*, agáchase unha cara oculta que se vén denunciando en campañas internacionais dende comezos dos noventa. O sector da floricultura en Colombia xera uns 60.000 empregos directos e 50.000 indirectos. O 70% desta man de obra corresponde a mulleres pobres emigrantes que son contratadas por períodos entre un e seis meses, e traballan de sol a sol por salarios de 110 euros ao mes (menos de 20.000 pesetas). Estas traballadoras adoitan a vivir nos sectores máis deprimidos da sociedade e padecen doenzas pola exposición constante a praguicidas como dermatite, bronquite, dor de cabeza, ou desviación da columna polas posicións adoptadas no cultivo e na clasificación das flores. O retrato do sector remata cunha forte represión sindical, e co esgotamento e contaminación das principais fontes de abastecemento de auga para destino humano polo uso intensivo de agrotóxicos.

"A flor de Colombia vén mellor, máis barata, e dura máis"

Na outra banda do Atlántico, as nosas explotacións de flor xa están a padecer as consecuencias da globalización. Dúas mulleres afiliadas ao SLG e pertencentes á Cooperativa Agroflor de Ferrolterra, Carme Veiga e Begoña Míguez, compartiron con Fouce as súas preocupacións e afondaron nas particularidades dun dos sectores menos coñecidos da nosa agricultura.

Carme Veiga vive na parroquia de Doroña, en Vilarmaior, e no seu día decidiu abandonar a produción de leite pola de caravel. Amais de ter tempo para o seu traballo nos 1.300 metros de invernadoiro que rexenta, tamén forma parte da directiva de Agroflor como vocal.

Carme apunta ás exportacións colombianas como un dos principais problemas do sector en Galiza: "a flor de Colombia vén mellor, máis barata, e dura máis. É algo que non me podo explicar". A pesares de ser Colombia tan competitiva, Carme amosouse reservada e afirmou non crer que "isto favoreza aos labregos de alí; de seguro que cobran soldos de miseria para poder vender a flor a prezos tan baixos".

Unido a isto, tamén vén lastrar a economía das explotacións de floricultura o aumento dos custes de produción. Coma noutros sectores "soben os fitosanitarios, soben os abonos, e os prezos van á baixa, polo que temos que traballar cada vez máis para poder gañar o mesmo". Todo á baixa, agás as marxes das florerías: "a min un ramo de vinte caraveis páganmo a pouco máis dun euro, e na florería val tres euros".



Outro problema que preocupa a Carme "é o da utilización dos fitosanitarios. No verán, por exemplo, manipulamos produtos moi tóxicos sen poder respectar os prazos nos que non se pode acceder ao invernadoiro, pois nesa época a flor medra dun día para outro e hai que levala no seu punto de corte".

Begoña Míguez traballa 1.850 metros de invernadoiro na súa explotación de Bemantes, en Miño. Aínda que polo de agora produce caravel e gladíolo, xa ten pensado ampliar a especies coma o crisantemo.

Para Begoña, a súa actividade non se podería desenvolver de non ter se asociado con outras persoas na Cooperativa Agroflor, pois "con ela xa que temos o produto vendido, sexa ao prezo que sexa. A flor é un producto moi perecedoiro que se pode pasar en dous días, polo que non podes estar na explotación e vendendo na rúa ao mesmo tempo. No verán, por exemplo, a nosa xornada de traballo media é de dez horas diarias, polo que non que dá tempo para dedicarlle á comercialización".

Un dos principais problemas do sector é que "vén moitísima flor de fóra a moi baixo prezo, de Colombia e Andalucía, principalmente". Así, con prezos que tenden á baixa no mercado, quen están a facer o agosto son as florerías, con marxes comerciais que andan polo 100% "e incluso máis". Diante deste problema, agora mesmo a única receita que se está a prescribir é competir en calidade, xa que "non podemos competir en cantidade contra as flores que veñen de fóra pois, tanto Andalucía como Colombia, teñen moitas máis horas de sol ca nós. Este é un sector con futuro en Galiza, pero apostando pola calidade para superar o hándicap de termos un mal clima".



nº 241
Marzo de 2006
FOUCE

A Deputación d'A Coruña convoca este mes as axudas para asociacións agrarias

A área de Promoción Económica, do BNG, virou o obxecto destas subvencións no pasado 2005

A área de Promoción Económica da Deputación Provincial de A Coruña, que dirixe o deputado do BNG Pablo Villamar, convocará este mes de marzo a segunda edición das subvencións de agricultura dirixidas ás entidades asociativas agrarias e labregas de toda a provincia coruñesa. Esta liña está dotada con 395.000 euros, dos que 195.000 serán para actividades, e 200.000 para equipamentos e infraestrutura. Deste xeito, o grupo do Bloque na Deputación dá continuidade a unha iniciativa da que naceron froitos ben interesantes no 2005.

O obxectivo destas axudas, segundo explicou Pablo Villamar, "é apoiar ás entidades asociativas agrarias e labregas en xeral, en proxectos destinados á valorización e recuperación dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola, gandeiro e forestal. Na presente convocatoria teranse tamén moi en conta os programas innovadores que poidan supoñer novas posibilidades para os labregos e labregas".

Cada entidade ou agrupación terá dereito a solicitar dúas subvencións, do mesmo programa ou dos dous programas. A Deputación poderá conceder ata un máximo de 15.000 euros polo total das dúas solicitudes. O importe da subvención será de entre o 20 e o 80% do orzamento estimativo de gastos.

En canto ás accións subvencionábeis, abranguen un amplo abano:

- Axuda ás explotacións que se integren en proxectos concretos de investigación e divulgación agraria. Os cartos poderanse utilizar para a adquisición de coñecementos teórico-prácticos que lles permitan aplicar técnicas innovadoras de produción, transformación e comercialización das producións agrarias.
- Valorización e comercialización das producións agrarias en mercados de proximidade.
- Proxectos relacionados coa multifuncionalidade do monte, enfocados á prevención dos incendios mediante o uso de técnicas silvo-pastorís.
- Proxectos que fomenten a consolidación e a creación de emprego no medio rural.

No relativo ás axudas para infraestruturas e equipamento, inclúense gastos materiais como peches, locais, entitorados, pequenas estufas, etcétera.



O nacionalista Pablo Villamar dirixe a área de Promoción Económica que convoca as axudas

No que se refire ás subvencións para a actividade, inclúen os estudios de viabilidade de recuperación de producións non desenvolvidas; aluguer de instalacións e maquinaria; tarefas de implantación e acondicionamento de cultivos; asesoramento técnico para execución e supervisión de proxectos; e formación técnica para lograr o fomento das medidas obxecto da axuda.

"A finalidade última", indicou Pablo Villamar, "é lograr o asentamento da poboación mediante a consolidación e a creación de emprego rural; conseguir o incremento das rendas e a mellora das condicións de vida; e a promoción e comercialización dos produtos".

Información e impresos a disposición d@s interesad@s na web provincial

Poderán optar ás axudas contidas na convocatoria, as entidades asociativas agrarias que cumpran os seguintes requisitos:

1 - Estar legalmente constituídas.

2 - Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia.

3 - Non estar incursa en incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas.

4 - Estar ao día nas obrigas tributarias.

5 - As peticións tamén poderán ser solicitadas polas agrupacións labregas, aínda que non estean legalmente constituídas, sempre que realicen os investimentos na provincia de A Coruña.

Pódese atopar a información e os impresos necesarios en www.dicoruna.es.

Cartos para financiar proxectos novidosos en gandería e agricultura

As novas axudas da Deputación da Coruña para actividades agrarias puxéronse en marcha, por primeira vez, o ano pasado. Antes, cando gobernaba o PP, este tipo de subvencións destinábanse fundamentalmente á compra de maquinaria agrícola; o cambio de política imprimido polo BNG agora consiste en financiar proxectos de investigación destinados a analizar a viabilidade de prácticas agrarias novidosas.

A xeito de exemplo, o ano pasado iniciouse un proxecto de alimentación para gando vacún, baseado na obtención de proteína vexetal a base de chícharos e cereais. Así, subvencionouse a compra de semente, adubos, etcétera, para probar este tipo de alimentación animal e a súa rendibilidade. Neste caso, varias explotacións labregas puxeron a disposición da experiencia leiras da súa propiedade.

Outro dos proxectos de investigación tivo que ver co emprego de zurros en labores de adubo, analizando a súa calidade e perspectivas de rendibilidade con respecto a outros tipos de abono.

As axudas provinciais tamén serviron para financiar varios estudios sobre a elaboración de queixo artesanal con leite cru e pasteurizado.

En canto ao sector hortícola, foron varios os proxectos levados a cabo. En primeiro lugar, as axudas serviron para apoiar un labor de recuperación de variedades locais de hortalizas e froiteiras nas distintas bisbarras da provincia coruñesa.

Tamén se investigou a posta en valor dos refugallos do monte para ser utilizados como abono orgánico nas explotacións hortícolas.

Unha das liñas de estudio tivo que ver co estudio da viabilidade dos diversos xeitos de comercialización que existen para os produtos hortícolas, dende a venda á grande distribución ata o comercio directo nas feiras; neste caso, analizáronse as fortalezas e debilidades de cada opción.

Finalmente, un proxecto de investigación que estudiou a evolución da riqueza do solo en función do modelo produtivo utilizado.

O SLG leva ata Carballo as súas actividades de promoción dos alimentos labregos e contra a OMC

"¡Consumamos os nosos produtos! ¡Comamos do noso!"

Baixo o lema "¡Consumamos dos nosos produtos!, ¡Comamos do noso!", e enmarcada na campaña que o Sindicato Labrego vén desenvolvendo contra as políticas de liberalización dos mercados agrarios da Organización Mundial do Comercio (OMC), celebrouse en Carballo toda unha fin de semana de actividades do 11 ao 12 de febreiro. Amais da denuncia, tamén se aproveitou para promover os nosos produtos agropecuarios de calidade, ameazados pola OMC. Nesta ocasión, contouse coa colaboración especial do Concello de Carballo.

Para desenvolver este evento, instalouse unha carpa na Praza do Concello. As persoas que a visitaron puideron degustar e adquirir produtos labregos da comarca, e ver mostras de fotografías e unha exposición de sementes do país.

A carpa pretendía ser un espazo de encontro, aberta a toda a xente que vive na comarca de Bergantiños, un espazo no que se favorecese o achegamento entre os produtos das nosas explotacións e os consumidores e consumidoras. Para iso, escolleuse expresamente unha fin de semana que coincidiu coa celebración da feira en Carballo.



A carpa de Carballo foi un punto de encontro ideal entre labregos e labregas e a xente

Foron moitas as persoas que, durante toda a fin de semana, visitaron as exposicións e se interesaron polas actividades que se estaban a desenvolver, así como pola información que se facilitaba e os produtos que vían. Este interese foi unha boa mostra do éxito acadado con esta iniciativa, e demostrou a preferencia de moitas persoas polos produtos que lle son máis achegados, o cal evidencia que existe demanda para os alimentos producidos en explotacións labregas.

Actividades lúdicas para poñer en valor os produtos agrarios locais

A carpa de Carballo contra a OMC foi todo un exemplo á hora de aunar reivindicacións con ocio. Así, durante toda a fin de semana acolleu espectáculos como os contos de Anxo Moure, a maxia de David Méndez, ou actuacións de música tradicional.

As actividades lúdicas complementáronse con outras informativas e de denuncia nas que se explicaron as ameazas que pesan sobre a agricultura labrega.

Dentro deste marco, reivindicouse a valorización dos produtos da comarca, alimentos naturais e sans procedentes de explotacións labregas que practican unha agricultura sostíbel. Ademais, a venda directa permite que os labregos e labregas poidan cobrar uns prezos dignos polos seus produtos que cubren os custes de produción e lles permiten vivir dignamente.

Outra das pretensións do Sindicato Labrego Galego con estas actividades foi a de sensibilizar á poboación, aos consumidores e consumidoras en xeral, sobre a importancia da nosa alimentación e o papel que nela xogan os produtos locais de temporada. E isto non se fixo doutro xeito que dando a coñecer e posibilitando o consumo dos produtos agrícolas locais, e facilitando o achegamento e contacto entre labregos e labregas, por unha banda, e consumidores e consumidoras, por outra.

Aposta decidida do Concello de Carballo por defender os mercados e feiras locais

En canto á organización desta carpa, o SLG contou coa colaboración directa do Concello de Carballo, non só a nivel económico, senón tamén organizativo. Non é de estrañar, pois dende que o BNG accedeu ao goberno do Concello de Carballo, apostou dende un principio pola promoción dos produtos propios, tanto agrícolas como locais, con diferentes actividades e campañas.

No referente ao consumo de alimentos sans, segundo o concelleiro do Bloque Luís Lamas "este é un compromiso que o Concello ten claro". Foi este o motivo que levou a que desde un principio non se dubidase en apoiar de xeito directo a iniciativa presentada polo SLG.

Segundo Lamas, "fomentar a creación de canles comercialización a nivel local, apoiando a venda directa e os mercados locais, é un xeito de reforzar as estruturas económicas locais. E, dende o Concello, non só queremos promover, senón que pretendemos facilitar todos os trámites para a normalización das vendas".

Carballo é a capital da comarca de Bergantiños, e a feira é un elemento moi importante, non só no plano comercial, senón tamén como punto de encontro e de relacións, xa que son moitas as persoas que se achegan a Carballo os días de feira.



Coa carpa instalada polo SLG creáronse unhas expectativas moi boas. Cando se comezou a informar á xente desta actividade, xa se abriu un debate previo sobre o interese que hai no consumo dos produtos frescos da comarca. Despois, na propia carpa viuse o interese espertado, tanto na gran asistencia de xente, como nas suxestións feitas para repetir a experiencia, ou o positivo.

nº 241
Marzo de 2006
FOUCE



O SLG pide que se revisen as restricións aplicadas pola crise da gripe aviaria

As recentes medidas adoptadas pola Administración ante o risco de gripe aviaria, sumadas á prohibición de cría ao ar libre no contorno de determinados humidais de Galiza, como anunciou a Consellaría do Medio Rural en febreiro, está a poñer en grave perigo a supervivencia do modelo tradicional de cría de aves de curral en Galiza, así como toda a cadea económica creada en torno a esta práctica, unha das mais asentadas no noso medio rural.

As medidas restrictivas aprobadas para a súa aplicación na Galiza son totalmente desproporcionadas coa situación sanitaria existente neste intre, sen ningún caso positivo confirmado, e sabendo que as rotas migratorias que seguen as aves afectadas en Europa non teñen escala ningunha en Galiza. Este tipo de medidas só se están a aplicar en países ou zonas con presenza confirmada da enfermidade.

Por se fose pouco, estas medidas non só van afectar a quen criaba aves de curral para a venda directa ou autoconsumo de carne e ovos; tamén sufrirán as repercusións negativas os vendedores de alimentos para os animais, e os recriadores e vendedores de aves de reposición, que verán como a súa principal fonte de ingresos desaparece dunha parte importante da nosa xeografía.

Ao mesmo tempo, e cando aínda non se deron grandes caídas no consumo, a histeria desencadeada pola gripe aviaria está a provocar grandes perdas nas explotacións integradas nos grupos industriais de cría de aves, ás que xa levan algún tempo baixándolles os prezos das producións. A medio prazo, esta situación vaise traducir en maiores ingresos para as grandes integradoras e na caída de rendas das explotacións que dependen delas, pois os valores de mercado non están a sufrir baixa algunha.

Indemnizacións polas restricións e control dos prezos en orixe

O SLG pediulle á Consellaría de Medio Rural, así como ao propio Ministerio, firmeza á hora de defender ás produtoras e produtores de aves do País, e que tomen as medidas oportunas para reverter unha situación de histeria e alarmismo que está a provocar, ao entender do Sindicato Labrego, actuacións desmesuradas e restriccións inxustificadas, máis en consonancia co boom mediático que supón a gripe aviaria que con criterios estrictamente científicos.

De non emendarse esta situación, desde o Sindicato Labrego Galego esixiremos da Administración, tanto galega como do Estado, a habilitación inmediata de partidas orzamentarias que afronten ao cento por cento as perdas que se van a ocasionar coa posta en marcha destas medidas restrictivas na cría de aves, así como as xa ocasionadas; e todos os medios públicos dispoñíbeis para adaptar as instalacións existentes a estas limitacións.

Ao mesmo tempo, o SLG instou á Consellaría de Medio Rural a que tome medidas efectivas no control dos prezos pagados polas integradoras aos seus produtores, de xeito que a gripe aviaria non sexa unha escusa para proseguir con baixadas de prezos cando o consumo na Galiza non se está a ver afectado.

Alerta en Compostela pola vindeira apertura dun gran centro comercial

Carrefour pode arruínar moitas explotacións e tendas de produtos labregos

O SLG de Compostela ergueu a voz de alarma diante da tentativa de Carrefour de construír unha grande área comercial n'As Cancelas. Diante disto, o Sindicato Labrego iniciou unha campaña dirixida tanto ás xentes labregas, como aos comercios e á cidadanía da bisbarra compostelá, para denunciar as consecuencias nefastas desta iniciativa.

O SLG xa se ten oposto, con anterioridade, á apertura doutros centros comerciais de similares características. Estas grandes áreas comerciais son propiedade das grandes cadeas europeas da distribución que, entre outro tipo de prácticas abusivas, exercer unha competencia desleal sobre os establecementos comerciais; e saturan o mercado de alimentos procedentes, no meirande dos casos, de producións agrogandeiras altamente industrializadas e inzadas de todo tipo de agrotóxicos.

Ademais, outra das prácticas prexudiciais que exercen os centros como Carrefour é a comercialización de produtos por baixo do seu prezo de custe para seren utilizados como meros reclamos comerciais.

Outra das repercusións negativas deste tipo de centros comerciais é que introducen e asentan hábitos de consumo nada saudábeis que, a día de hoxe, podemos relacionar coa proliferación de doenzas tan graves coma os cancros do tracto dixestivo. En concreto, este tipo de enfermidades triplicáronse na área de Compostela nos últimos dez anos, segundo teñen recollido diversos medios de comunicación.



Este libro denuncia as pésimas condicións laborais ás que somete Carrefour a traballadores e traballadoras

Contactos coas asociacións de comerciantes e coa Xunta de Galiza

O asentamento destas grandes áreas está a desprazar o papel xogado polos mercados e comercios tradicionais, abastecidos habitualmente polas explotacións agrarias do entorno da cidade, e polas áreas do Sar e do Ulla. Ese mercado de proximidade que agora periga é un garante de frescura e calidade imposíbel de igualar por calquera produción industrial. Ademais, os beneficios obtidos nese comercio reverten directamente na comarca, en troques de entrar nos circuítos financeiros das grandes empresas transnacionais para seren almacenados nos bancos de Suíza.


Actualmente, e segundo os datos da propia Carrefour, a tres primeiras cadeas de distribución dominan ao redor do 45% da cota de mercado no Estado. O obxectivo destas áreas, segundo o propio presidente de Carrefour-España, Rafael Arias-Salgado, é chegar a cotas similares ás dos países nórdicos, onde estas cadeas acaparan o 80% do consumo. Polo que respecta a Compostela, a proliferación deste tipo de centros supera xa, con moito, as estratexias da propia compañía en países como Francia, que fixan un hipermercado por cada 75.000 habitantes.

Ademais dos contactos que se teñen realizado coas distintas asociacións de comerciantes da cidade compostelá (ACOTES, Compostela Monumental, Praza de Abastos, etcétera), estanse a iniciar os contactos coa Xunta de Galiza para que se paralicen as licencias de construcción para máis grandes áreas; ademais, o SLG tamén esixirá que se obrigue ás grandes áreas comerciais xa existentes que lle abran as portas ás producións galegas garantíndolles uns prezos dignos.

O SLG únese á campaña internacional en contra das sementes Terminator

As presións dos grandes produtores de OXMs podería legalizalas no Convenio de Diversidade Biolóxica da ONU

Dúas novas preocupantes marcaron a actualidade en transxénicos. A primeira é que a Organización Mundial do Comercio (OMC) condenou á Unión Europea tralas denuncias de Estados Unidos, Canadá e Arxentina contra a moratoria aos transxénicos. Para rematala, o Convenio de Diversidade Biolóxica da ONU podería legalizar as sementes Terminator, manipuladas para ser estériles e prohibidas dende o ano 2000.



O Sindicato Labrego Galego (SLG) apoiará a campaña internacional que vén de comezar en contra da tecnoloxía Terminator en sementes. Esta tecnoloxía consiste en manipular xeneticamente para acadar plantas estériles, de maneira que labregos e labregas non poidan utilizar parte da colleita na produción de semente propia para empregar en futuras plantacións, unha práctica agrícola ancestral.

O problema é que, aínda que non se utilicen sementes Terminator, a polinización cruzada -imposible de impedir- entre este tipo de plantas manipuladas e as convencionais, podería contaminar e chegar a esterilizar ás plantacións que están libres de organismos transxénicos.

O Convenio de Diversidade Biolóxica da Organización das Nacións Unidas (ONU) declarou unha moratoria internacional no ano 2000 contra este tipo de organismos. A razón de que agora haxa unha campaña internacional contra eles é que existen indicios de que esa moratoria podería rematar na vindeira xuntanza do Convenio, que se celebrará entre o 20 e o 31 de marzo en Curitiba, Brasil. Isto é así por mor das fortes presións que están a exercer países produtores de transxénicos como Canadá, Australia ou Nova Zelandia en resposta aos intereses das multinacionais da manipulación xenética.

As consecuencias de que remate a moratoria contra a tecnoloxía Terminator poderían ser nefastas para a agricultura global e, en particular, para Galiza. Por iso, o SLG fixo un chamamento a todos os labregos e labregas, e tamén a toda a cidadanía, para que se opoñan a esta nova ameaza, xa que o levantamento da prohibición atentaría contra os nosos dereitos como labregos e labregas ao pór en perigo as nosas variedades locais e os nosos saberes tradicionais. A tecnoloxía Terminator tamén atentaría contra a Soberanía Alimentaria de Galiza, que é o dereito da nosa agricultura a producir os alimentos para abastecer ao pobo galego.

Chamado do SLG á Xunta e ao Goberno Central

O Sindicato Labrego estendeu este chamamento aos gobernos da Xunta e do Estado español, e pediulles que adoptasen unha posición clara a favor da continuidade da actual moratoria.

En concreto, o SLG pediulle á Xunta que introducise este tema na axenda das reunións sectoriais en materia agrícola e medioambiental co Goberno central; e ao Ministerio de Agricultura que defenda a continuidade da moratoria na xuntanza de marzo do Convenio de Diversidade Biolóxica da ONU.

Neste encontro, os gobernos teñen a posibilidade de prohibir a tecnoloxía Terminator en defensa dos intereses das comunidades labregas, dos pobos, da biodiversidade, e da soberanía e seguridade alimentarias de todo o planeta. Aí verase realmente de que banda está a política agraria do Goberno Zapatero. Polo de agora, o Executivo socialista foi incapaz de acadar un consenso coas organizacións para prohibir os OXMs en España.

Un veredicto da OMC para asolagar Europa con OXMs

A Organización Mundial do Comercio (OMC) vén de darlle a razón a Estados Unidos, Canadá e Arxentina, que no 2003 denunciaron á Unión Europea por manter unha moratoria sobre os transxénicos. Desta maneira, a OMC volveu pasar por riba da soberanía dos 25 estados da Unión e impúxonos a obriga de importar transxénicos a pesares de que as estatísticas din que o 70% da cidadanía europea está en contra deles, e de que están prohibidos totalmente en 172 rexións europeas, ou parcialmente en varios países.

No caso español, chove sobre mollado. España comezou co Goberno de Aznar unha política permisiva cos transxénicos de costas á moratoria imperante en Europa. Esa política, continuada agora polo Ministerio de Agricultura de Elena Espinosa, tivo como consecuencia que España fose clasificada no 2005 como país "megaprodutor" de transxénicos ao plantar 80.000 hectáreas de millo manipulado.

As consecuencias en Galiza non se fixeron agardar: no noso país é case imposíbel atopar pensos para gando que estean libres de transxénicos. Sen dúbida, a imposición da OMC empeorará a situación. Ademais, seguimos sen ningún tipo de regulamento que impida a contaminación transxénica nas nosas leiras.

O SLG valorou moi negativamente esta nova imposición da OMC, que só pode responder aos intereses das grandes transnacionais que fabrican os transxénicos. A decisión da OMC atenta contra a liberdade de labregos e labregas a elixir unha gandería ou unha agricultura ceibe de OXMs, e contra os intereses da cidadanía europea polas repercusións nefastas que a proliferación de transxénicos terá no medio ambiente e na saúde.

O Estado español encaixou unha caída da renda agraria do 10'3% no ano 2005

As últimas estatísticas de Eurostat sobre renda agraria publicadas en febreiro, revelaron que os ingresos por explotación caeron o 5'6% na Unión Europea, e o 10'3% en España. O Estado español foi o cuarto que sufriu unha maior baixada. No caso español influíu a redución a case a metade da colleita de cereais por mor da seca.

De todos xeitos, o principal baremo que influíu na caída da renda agraria foi a diminución dos ingresos por produtor/a, que foi do 7'9%. Neste caso, tamén España ocupa o cuarto lugar xunto a Francia, cunha baixada do 10'1%; os nosos veciños portugueses ocupan o primeiro posto do podio, cunha redución dos ingresos por produtor/a do 12%.

Na outra banda da renda agraria atópanse países coma Lituania, onde subiu un 24'6%; ou Irlanda, co 16'5%.

Por sectores, a produción vexetal baixou tanto nos prezos (-2'9%) como no volume (-5'3%); neste caso, o sector vinícola foi un dos máis afectados, cunha baixada de prezos do 10'1%. A produción gandeira tamén baixou un 1'2% debido aos prezos, sobre todo os ovos (-9'9%) e as aves (-3%).

O SLG na Conferencia Internacional de Desenvolvemento Rural da FAO

O noso representante, Xosé Ramón Cendán, tamén participou nun encontro da Vía Campesina en Brasil

Cando pechaba este Fouce, o responsábel de Relacións Internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán, atopábase en Porto Alegre (Brasil) no Encontro Mundial dos Sen Terra, organizado pola Vía Campesina. Ademais de participar nestas xuntanza, o motivo da estancia de Cendán en terras brasileiras foi o de acudir á Conferencia Internacional sobre Reforma Agraria e Desenvolvemento Rural da FAO, entre o 7 e o 10 de marzo.

A Conferencia Internacional da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) tiña como intención abordar problemas coma o feito de que tres cuartas partes dos 852 millóns de persoas que padecen fame no mundo vivan no medio rural e dependan da agricultura para vivir.

Aínda que o presente número de Fouce xa pechara as súas páxinas cando comezou este encontro promovido pola FAO, as deliberacións que tiveron lugar, días antes, no Encontro Mundial dos Sen Terra serviu para definir a posición da Vía Campesina e, por ende, a do SLG, na cuestión da reforma agraria.

Na xuntanza de organizacións da Vía Campesina matizouse que a reforma agraria "non é un problema só de latifundio *versus* sen terra. Máis ben é un problema de toda a sociedade, é a expresión real do enfrontamento entre dous modelos: un capitalista, excluínte e depredador; e outro que retoma a cosmovisión sostíbel labrega e indíxena, baseada na soberanía alimentaria dos pobos".



Xosé Ramón Cendán xunto a Lidia Senra durante a ocupación da sede da transnacional alimentaria Nestlé, en Vevey (Suíza)

En canto á reforma agraria en si, "reivindica o acceso aos recursos, á auga, ao mar, ao subsolo, á biodiversidade, novas relacións de convivencia no campo, unha reforma agraria participativa que democratice o uso e a tenencia da terra, oposta á concepción mercantilista que promove o Banco Mundial e que somete á humanidade ás regras do mercado".

Finalmente, tamén se falou do grande reto da Vía Campesina, que é "construír unha reforma agraria que dignifique a vida de labregos e labregas, pescadores e pescadoras, pastores e pastoras, e pobos indíxenas.

Unha reforma agraria que supere a fame e a pobreza. Unha reforma agraria que incorpore a homes e mulleres en igualdade de condicións, peza fundamental dentro das relacións de convivencia e poder para habitar nun mundo cada vez máis humano".

Xosé Ramón Cendán participou nestes eventos en calidade de membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), e foi o único representante de Galiza neles.

O Goberno comeza a aplicar as medidas compensatorias pola suba dos carburantes

Tralas mobilizacións realizadas a finais do ano pasado para esixir a creación dun gasóleo profesional agrícola, o Goberno vén de publicar no Boletín Oficial do Estado (BOE) as primeiras medidas compensatorias que se acordaron tralas negociacións coas organizacións agrarias.

Así, o 27 e o 28 de febreiro o BOE publicaba as medidas no Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). Nelas, prorrógase para o 2006 manter unha porcentaxe do 10% para a dedución por gastos de difícil xustificación no réxime de estimación directa simplificada.

En canto ao método de estimación obxectiva do IRPF, aplicarase unha deducción do 35% polos gastos de gasóleo, e outra do 15% polos gastos en fertilizantes e plásticos. No caso do gasóleo, aplicarase ás compras de carburante feitas no ano 2006; mentres que as deduccións no caso de fertilizantes e plásticos só cubrirá as adquisicións feitas entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño.

Tamén entrou en vigor a redución da porcentaxe das cotas trimestrais do IVE para o 2006 no réxime simplificado para determinadas actividades, no meirande gandeiras. As reduccións van do 1% ao 28%.

Polo demais, aínda fica pendente o incremento do IVE que perciben agricultores e gandeiros pola venda de mercadorías. Nas negociacións de decembro de 2005, chegárase ao acordo de subir un punto en agricultura, e medio nas actividades gandeiras.



O SLG organizou unha tractorada en Xinzo para esixir un gasóleo agrícola profesional

O SLG impulsa en Monterrei unha iniciativa comercial para dar saída ao viño a granel

No Ribeiro, o Sindicato Labrego Galego reclamou unha xuntanza da Mesa para este mes de marzo

A pesares de que xa ficou atrás a última vendima, o Sindicato Labrego Galego seguiu a traballar duro, en febreiro, para defender os intereses dos viticultores e viticultoras das nosas denominacións de orixe. Isto saldouse con avances tan importantes coma un principio de acordo coas adegas en Rías Baixas, ou a posibilidade de desenvolver unha experiencia comercial en Monterrei que podería dar saída a parte da produción de viño a granel que agora mesmo está parada. A pesares das boas novas, onde non se avanzou moito foi no Ribeiro.

A Denominación de Orixe Monterrei podería ter boas novas, en breve, referentes á comercialización dos seus viños. En efecto, existen moitas posibilidades de que o traballo realizado polo SLG nesta zona dea os seus froitos; en concreto, o Sindicato Labrego está a negociar cun importante grupo económico a instalación dunha nova adega nesta zona vinícola.

De prosperar, o desenvolvemento deste proxecto empresarial axudará a relanzar a denominación de orixe Monterrei, xa que esta adega recollería parte da produción da campaña pasada para consolidar a un importante número de explotacións de persoas que teñen o seu medio de vida na agricultura. En principio, esta adega podería aceptar a proposta do SLG de pagar un prezo mínimo de 8 euros por ola (16 litros) de viño a granel.

Posíbel mobilización n'O Ribeiro

No Ribeiro, o SLG demandou do delegado de Medio Rural en Ourense, Xosé Rodríguez Cid, a convocatoria dunha xuntanza da Mesa do Viño para despois do Entroido. Ao peche deste Fouce, aínda non se celebrara este importante encontro que, de non ramatar cun acordo, desembocaría na convocatoria de mobilizacións por parte do Sindicato Labrego.



Os responsábeis da Dirección do Viño e dos sectores agrarios do SLG, á saída dunha Mesa

Posibilidades de acordo coas adegas na DO Rías Baixas

Semella que a situación da denominación de orixe Rías Baixas podería endereitarse. Alomenos, iso é o que se desprende dos avances que houbo nas conversas da última xuntanza da Mesa do Viño, celebrada o pasado 15 de febreiro. A ela asistiron, por parte do Sindicato Labrego, o responsábel dos sectores agrarios, Xosé Manuel González Vilas, acompañado de Antonio Suárez, viticultor de Crecente e propietario da Viña Morgadío.

Todo apunta a que as adegas, finalmente, poderían aceptar un tipo de contrato para regular os prezos da uva nos termos propostos polo SLG. Neste senso, o Sindicato Labrego comprometeuse a seguir mantendo o listón das súas reivindicacións na mesma posición: 1'20 euros máis IVE para a uva albariño. De todos xeitos, haberá que agardar ata comezos de marzo para saber se chegan a un acordo definitivo, pois será entón cando se volva xuntar a Mesa do Viño de Rías Baixas para acometer a recta final da negociación. En palabras de González Vilas "agardamos que este acordo se peche a finais de marzo, xa que será cando expire o prazo dado pola Consellaría de Medio Rural para conceder axudas á comercialización das adegas". En caso de que as adegas non chegasen a un acordo co sector, ficarían excluídas desta liña de subvencións. En calquera caso, os acordos aos que se poida chegar vincularán as vindeiras vendimas.

O SLG reclama a defensa dos intereses do viño galego ante a UE

Os actuais debates entre responsables ministeriais de países vitivinícolas de cara unha reforma da Organización Común de Mercado (OCM) na Unión Europea non están a ter en conta as nosas especificidades como país. Por unha banda, hai propostas de pagos desacoplados (pago único por superficie de viñedo) que, de saír adiante, suporían destinar unha importante cantidade de diñeiro aos viños do Mediterráneo, ficando Galiza fóra. Coma sempre, con estas medidas o único que se pretende favorecer é a liberalización dos mercados en beneficio dos grandes operadores do sector.

Para o Sindicato Labrego Galego, Galiza necesita unha OCM que contemple a continuidade da vitivinicultura de escala labrega: grandes calidades, mercados locais, diferenciación ecolóxica e plurivarietal, ter en conta as estructuras minifundistas, rendementos controlados, etcétera.

Porén, os intereses vitivinícolas que defende o Ministerio de Agricultura están máis polas grandes produción, marcas uniformes, destilación, viños tecnoindustrializados, marcas brancas en grandes superficies, etcétera.

Así e todo, desde o SLG descoñecemos a postura do Ministerio de Agricultura, xa que segue facendo gala de opacidade, unha actitude que xa está a tomar por norma. De feito, nin sequera expuxo o seu tan cacarexado Plan Estratéxico para o Viño anunciado publicamente en Compostela no ano 2004.



Xosé Manuel González Vilas denunciou ante os medios a actitude opaca do Ministerio na reforma do viño de Bruxelas

Diante desta situación de incerteza xerada polo escurantismo do Ministerio, o Sindicato Labrego defenderá que na OCM se teñan en conta todos os mundos vitivinícolas que hai en Europa e, en especial, as especificidades dos nosos viños, xa que nesta cuestión pouco ou nada temos que ver coas outras realidades do Estado Español onde é norma vender viño á destilación a menos de 30 céntimos por litro.

nº 241
Marzo de 2006
FOUCE

Borrador do novo regulamento para o viño ecolóxico na Unión Europea

Bruxelas está a traballar na modificación do regulamento europea de agricultura ecolóxica. Neste marco, as propostas sobre novas normas na elaboración de viños ecolóxicos van marcar o futuro destes viños, ata o de agora moi condicionados polos regulamentos existentes.

O cabalo de batalla está nos conservantes admitidos e nas súas doses. Polo de agora, temos o anhídrido sulfuroso; nun futuro, será posíbel atopar substitutos fiables, mais agora semella difícil. Os contidos que se barallan, de 100-120 mililitros por litro, semellan un avance que pode facilitar as cousas.

Respecto do emprego de fermentos foráneos, dende o Sindicato Labrego Galego entendemos que non poden ser admitidos, xa que contradín todo o que se procura na viticultura ecolóxica, que debe orientarse ás adegas colleiteiras, principalmente, e fuxir do industrialismo.

Con todo, estas modificacións poden dar un pulo a viños labregos saudábeis e de bo sabor fronte a tanta purrela tóxica.

As explotacións ecolóxicas tamén poden pedir estudiantes de prácticas de Agrarias


As explotacións galegas poden acollerse á opción de solicitar estudiantes de Enxeñería Agrícola da Escola Politécnica de Lugo para que fagan as súas prácticas en explotacións durante os meses de verán. A previsión é que se incorporen a estas prácticas en xullo, xusto despois de rematar os exames.

O procedemento a seguir pola explotación interesada consiste en apuntarse nunha lista. Despois, os estudantes elixirán a explotación onde máis lles interese facer as prácticas -normalmente, escollen as que lles quedan máis preto da casa-. Non hai compromiso de ter que facilitar aloxamento nin comida aínda que, cantas máis facilidades se lles poñan, máis posibilidades haberá de que vaian á túa finca. Cómpre lembrar que o sector no que traballe a explotación será determinante tamén á hora da escolla, xa que os alumnos e alumnas da Politécnica elixirán en función do eido no que lles interesa formarse. Aos estudantes que fagan estas prácticas aprobaranlles unha materia. Para máis información, hai que chamar ao 981 554 147.

O SLG pide incluír produtos ecolóxicos de variábel nun estudio da obesidade

O desequilibrio dos alimentos da produción intensiva pode favorecer a doenza

A Xunta encargoulle á Universidade da Coruña un estudo sobre a obesidade. A raíz disto, o SLG propuxo que, no proceso de investigación, se compare a incidencia da obesidade entre persoas que levan unha dieta con alimentos sans, equilibrados, e sen alterar; e outras que fagan a mesma dieta, pero con produtos convencionais.



Amais dos hábitos alimentarios, á calidade dos alimentos tamén pode influir na obesidade

A petición do SLG responde a que o meirande dos produtos utilizados na agricultura convencional, pero prohibidos na agricultura ecolóxica, modifican o ciclo natural de crecemento das plantas e animais. Así, nunha carta dirixida á Consellaría de Medio Rural, o SLG comenta a posibilidade de que os alimentos derivados de plantas ou animais forzados a aumentar o seu peso -e polo tanto desequilibrados no seu contido nutricional-, poidan dar lugar a que as persoas que os consumen teñan que inxerir maiores cantidades de comida por mor de que o seu organismo non se dá nutrido o suficiente con cantidades normais.

Velaí a proposta que o SLG lle fixo á Consellaría: estudar como repercute na alimentación e no peso da xente o consumo alimentos desequilibrados en minerais, oligoelementos, vitaminas, etcétera, como consecuencia de que o seu proceso de producción fose intensivo. A maiores, tamén se pediu que se estude a relación entre a dieta e o desenvolvemento de enfermidades coma o cancro.

Contraetiquetas para os produtos envasados e frescos sen rexistro sanitario

Segundo a nova Lei de Sanidade, en vigor dende o 1 de xaneiro do 2006, o rexistro ranitario xa non será necesario sempre que o producto sexa envasado no seu lugar de produción e non sufra ningunha modificación na súa natureza esencial.

Este é o caso das hortalizas frescas que se envasan na explotación. Polo tanto, todas aquelas persoas que se atopen neste caso e teña que solicitar contraetiquetas ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) deben saber que o requisito do rexistro de sanidade xa non é esixible para que llas remitan.



As salas de envasado xa non son necesarias, dende principios de ano, para producir hortalizas frescas

A agricultura ecolóxica medra, pero descende o número de produtores e produtoras

O Ministerio de Agricultura presentou, en febreiro, os datos estatísticos de superficie e número de operadores de agricultura ecolóxica do ano 2005 no Estado Español. O dato máis significativo é que a agricultura ecolóxica medra, pero segue a minguar o número de produtores e produtoras, que foi a mesma tendencia que houbo o ano pasado.

Como posíbeis causas desta tendencia, o SLG xa ten apuntado que, nalgúns casos, estar certificado é complicado. Esta dificultade deriva sobre todo porque, moitas veces e por diferentes razóns, as análises amosan residuos aínda que non se empregaran produtos fitosanitarios, o que fai que se lle retire a certificación á explotación afectada por un período durante o cal hai que seguir pagándoa.

Outra das posíbeis razóns pode ser o exceso de burocracia. Para o SLG, as estatísticas reflicten a tendencia de pequenas explotacións que non se integran nos circuítos comerciais convencionais por quitarse dos rexistros.

Madrid estudia o problema das labregas ás que lles quitaron a paga por ter fill@s

As respostas dos ministerios de Economía e de Traballo son o primeiro froito das demandas do SLG

As xestións do Sindicato Labrego Galego para solucionar o problema das agricultoras ás que lles están a negar a paga por ter fillos menores de tres anos comezan agora a dar o seu froito. No mes de febreiro, houbo respostas positivas dos ministerios de Facenda e de Traballo aos informes e queixas presentados pola Secretaría das Mulleres do SLG. Ademais, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), tamén apoiou as nosas demandas. Aínda que esta primeira resposta da pé a ter esperanza, o SLG seguirá vixiante.

A primeira das respostas foi, precisamente, unha carta dirixida ao membro da Comisión Executiva de COAG, Andoni García, o pasado 3 de febreiro. Nela, o Secretario de Estado da Seguridade Social, Octavio Granado, confesaba que "esta cuestión excede o noso ámbito de actuación" -ao depender do Ministerio de Traballo- "polo que me dirixín á Secretaría de Estado de Facenda". Na súa curta resposta, Granado remata manifestando a súa intención de "chegar a unha solución que permita a aplicación, sen maiores problemas, da deducción fiscal por maternidade e coidado de menores de tres anos ás traballadoras agrarias por conta propia".

A resposta da Secretaría de Estado de Facenda, dependente do Ministerio de Economía, habíalle chegar o 6 de febreiro á Secrataria Xeral do SLG, Lidia Senra. Nunha misiva asinada pola directora de gabinete deste organismo, Dolores Beato, transmitíase o "agradecemento" ao Sindicato Labrego Galego "pola colaboración coa exposición realizada".

Este documento remataba de xeito esperanzador ao dicir que "as súas observacións serán obxecto de estudio e consideración polos servizos competentes deste departamento ministerial".

A Secretaría das Mulleres do SLG, coordinada por Isabel Vilalba, ficará alerta para velar pola solución, o máis inmediata posíbel, deste caso flagrante de discriminación de mulleres labregas ás que se lles está a negar unha paga á que teñen todo o dereito como traballadoras e cotizantes que son.

Estas respostas que se lle deron de xeito oficial agora ao SLG non serían posíbeis sen os informes enviados pola Secretaría das Mulleres ás Secretarías de Estado da Seguridade Social e de Facenda. O SLG tomaba a decisión de contactar con estes organismos despois de terse dirixido á Delegación de Facenda en Galiza e seren rexeitadas as súas denuncias.

Para a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, este é un primeiro avance de cara a solucionar unha problemática que se relaciona directamente co feito de que non se lles permita a moitas agricultoras ser cotitulares da explotación na que traballan man a man coa súa parella.



No centro da imaxe, Isabel Vilalba conversa con Lidia Senra na Marcha Mundial das Mulleres



Axudas para fomentar a comercialización de produtos silvícolas

Orde do 1 de febreiro de 2006 de fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas.

Poderán ser subvencionables os investimentos relativos ás operacións de aproveitamento, condicionamento e transformación dos produtos forestais (madeira, cogumelos, castañas, plantas aromáticas e mediciñais, biomasa e outros produtos forestais do monte).

No relativo á madeira só se recollerán as operacións anteriores ao aserrado, e as realizadas por aserradoiros en activo con menos de 10 empregados, radicados no marco rural.

Non se considerarán substitucións de investimentos subvencionados anteriormente, salvo diferencial de custo. Tamén se inclúen os plans e ferramentas de xestión empresarial: servizos externos de diagnóstico, seguimento, certificación e execución de medidas correctoras, salvo adquisición de maquinaria.

Non será subvencionable: A adquisición de terreos e mobiliario; a adquisición de maquinaria usada; os tributos recuperables polo beneficiario, como o IVE; a renovación de maquinaria que non implique melloras tecnolóxicas, produtivas ou de seguridade; os gastos de reparación e mantemento; os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro ou calquera outra figura análoga; os investimentos destinados á manipulación ou comercialización de produtos de países non comunitarios; os investimentos iniciados antes da solicitude de axudas ao abeiro deste programa operativo, así como os investimentos en instalacións fixas sen constancia oficial de non terse iniciados anteriormente; investimentos destinados ao comercio polo miúdo; e investimentos e actuacións con axudas financiadas con fondos comunitarios distintos do Feoga.

O prazo para solicitar estas axudas rematará o vindeiro 20 de marzo de 2006.

Prorrogan de novo o prazo para solicitar axudas á mellora das estruturas agrarias

Orde do 20 de febreiro de 2006 pola que se prorroga o prazo de presentación das solicitudes de axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, establecido na Orde do 27 de decembro de 2005.

O prazo previsto para a presentación de solicitudes de axudas para a mellora e modernización das estruturas das explotacións agrarias prorrógase ata o **15 de marzo de 2006**, inclusive.

Axudas á produción de sementes e plantas de viveiro de calidade

Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, e se convocan para o ano 2006.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, así como a súa convocatoria para o ano 2006.

A súa finalidade é, por unha parte, fomentar a produción de sementes e plantas de viveiro de calidade como condicionante principal dunha produción agraria diferenciada e adaptada ás exixencias do mercado e, por outra, incentivar o desenvolvemento deste sector naquelas especies de especial transcendencia para Galicia que non teñen suficientemente establecido un control directo ou sistema de certificación que garanta un material vexetal de partida coa calidade contrastada e adaptado ás súas propias peculiaridades.

Poderán acollerse ás axudas previstas nesta orde os produtores autorizados de sementes e plantas de viveiro da Comunidade Autónoma de Galicia das especies ou grupos de especies que se sinalan no anexo III da orde, debendo estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa seguridade social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, poderán admitirse as solicitudes daqueles interesados que, no momento da publicación desta orde ou da respectiva convocatoria, teñan presentada unha solicitude de inscrición nalgún rexistro oficial de produtores de sementes e plantas de viveiro, sempre que se acredite a súa inscrición no rexistro antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

As axudas concederanse para aquelas actividades que se destinen a:

a) Novos investimentos e traballos específicos da actividade viveirística aplicados á obtención e mantemento de material vexetal de partida e plantas nai de calidade controlada como orixe de material de multiplicación;

b) A mellora tecnolóxica das estruturas de produción de material de multiplicación e dos sistemas de control de calidade;

c) Fomento da utilización da semente e planta de viveiro de calidade.

As actividades subvencionables deberán formar parte dun programa de mellora, entendido como tal o conxunto de accións coherentes que pretendan unha estrutura de produción de sementes e plantas de calidade de forma estable e permanente.

O prazo para realizar as solicitudes referentes a este tipo de axudas rematará o vindeiro 17 de abril de 2006. Máis información en calquera oficina do SLG.

¡Afilitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:
☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF: .....
Enderezo:.....
Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.
Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....
Titular da conta ou libreta:.....
Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura) Data

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Segadora marca BCS, de 4 rodas, encendido electrónico.
-Segadora BERTOLINI Moto Agro, de 3 rodas.
Chamar ao 660 740 593

Véndense
-Tractor JOHN DEERE 6629 Premium, de 3 anos e 3.500 horas de traballos agrícolas.
-Sementadora de millo SEMEATO SPE5 de 5 liñas de sementeira directa. 2 anos.
Chamar ao 676 190 100

Véndese
Touro de raza Rubia, de tres anos e medio.
Chamar ao 619 937 274

Véndese
Esparexedor de silo ZAGA, con só unha campaña de traballo (foi mercado o ano pasado).
Chamar ao 666 667 445, a partir das 20:00 horas.

Véndense
-Autocargador rotativo marca CALAGRI, seminovo.
-Segadora marca BERTOLLINI
Chamar ao 981 787 013

Véndese
Picador seminovo KRÖHNE, de 28 m. de capacidade.
Chamar ao 982 164 443

Véndese
Vaca de raza Cachena de tres anos.
Chamar ao 982 314 118

Véndense
Tubos de protección de cepa para plantacións de viñedo. En Eiras, San Amaro (Ourense).
Chamar ao 637 971 148

Véndese
Tanque de frío ALFA LAVAL, en perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndense
Rulos e pacas de herba seca.
Chamar ao 981 681 103

Véndese
Tractor JONH DEERE 2140 con dobre tracción. Importado, matriculado aquí, en perfecto estado de uso.
Preguntar por Manolo nos teléfonos 981 571 722 ou 676 410 981

Véndese
Estendedor esparexedor de herba (tamén *hilera*) marca PZ VICON HS 360. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 699 226 ou 626 285 992

Véndense
-Fariña de trigo para facer pan.
-Salvado para o gando.
Chamar ao 619 176 066

Véndese
Tractor JONH DEERE 6310, con 3.000 horas de uso.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
Autocargador picador CLAAS, modelo Sprint 445 P.
Chamar ao teléfono 981 164 051 e ao 660 442 783

Véndese
Circuíto de muxido de 4 puntos, marca SAC.
Chamar ao 981 788 236

Véndense
-Silo de penso para 5.000 quilos.
-Arado de tres vertedeiras.
Preguntar por Francisco nos teléfonos 982 160 657 e 647 172 807.

Véndense
-50 rulos de herba seca.
-Semente de herba Ray Grass.
Chamar ao 982 176 748

Véndense
-Muíño de moer trigo, maínzo, etcétera. Practicamente novo.
-Alpacas boas.
Chamar ao 981 788 211

Véndense
Xovencas de raza frisona, con carta xenealóxica.
Preguntar por Moncho no teléfono 982 144 016

Véndese
Colleitadora de cereal DEUTZ FAR de 4'20 metros de corte.
Chamar ao 988 445 386

Véndese
Volkswagen Polo a gasóleo. En bo estado, sempre gardado no garaxe, con matrícula Coruña-CC. 80.000 quilómetros.
Chamar ao 660 167 390

Véndese
Desbrozadora lateral hidráulica.
Chamar ao 689 752 400.

Véndense
Vacas de leite.
Chamar ao 630 818 278

Véndese
Rotoempacadora CLASS, modelo Rollant 46.
Chamar ao 981 797 225.

Véndese
4 xovencas preñadas con carta, próximas ao parto.
981 781 879

Véndese
12 ovellas do país.
Preguntar por María no teléfono 982 168 060.

Véndese
Rolos de herba seca e unha sala de muxido de 4 puntos en Cartelle (Ourense).
Preguntar por Tito no teléfono 646 398 006.

Véndese
Herba seca en rolos. En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 982 393 241

Véndense
-Batedor de zurro.
-4 lamias (cast: llantas) de coche marca MOMO.
-4 rodas novas, lamia 15.
-2 rodas de remolque agrícola montadas en discos de 14 lonas.
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060.

Véndense
Pacas grandes de herba seca.
Chamar ao 982 345 142

Véndense
-Rotativo BONINO 45.
-Enroladora CLASS 46.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 690 333 428.

Véndense
-Tractor de 130 CV, seminovo.
-Tolva de penso para tractor.
Chamar ao 650 158 948

Véndense
-Remolque esparexedor de abono.
-Rotativa.
-Arado de 3 regos.
Chamar ao 628 071 424

Véndese
Desensiladora de terraza marca TENIAS. En Cospeito (Lugo).
Chamar ao 666 317 919.

Véndense
Tuias para peches de fincas. Tamaño entre 80 e 120 centímetros. Prezo segundo pedido.
Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003.

Véndense
-Tractor MASSEY FERGUSON 175.
-2 remolques autocargadores.
Chamar ao 650 959 198.

Véndese
Tractor KUBOTA de dobre tracción, 71 CV, con 2 rodas dianteiras de reposto.
Chamar ao 618 283 320.

Véndese
Moto YAMAHA especial de 250 cc, ano 2000, 22.000 quilómetros. En perfecto estado. 1.500 euros. En Rois (A Coruña).
Preguntar por Moncho no teléfono 619 963 003.

Véndese
Tractor marca CASE, serie Maxxon, de 200 CV. En bo estado e con prezo interesante.
Chamar ao 655 572 179.

Véndese
Silo de penso dividido en dous, con capacidade aproximada para 12.000 quilos. No concello de Coirós.
Chamar ao 696 831 373.

Véndese
Scooter marca SUZUKI Adress BX, vermella, de 50 cc.
Chamar ao 676 616 838 ou ao número 646 796 127.

Véndense
-Xovencas con carta próximas ao parto.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
-Tractor MASSEY FERGUSON 8120 Dynashift, de 145 CV. 2.000 horas de uso. Impecable.
Chamar ao 608 879 938.

Véndese
Casa en Piñor de Cea (Ourense). Ten curro, planta baixa e piso superior con tres habitacións e comedor, e unha casiña adicional que fai de cociña. Con eidos na zona. Seis familias de veciñanza. Bo acceso para coches, preto da N-525, a un quilómetro do centro urbano. 30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730.

Véndese
Herba seca e silo, en Cospeito.
Chamar ao 982 177 004

Véndese
Explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel no 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndense
-Tractor JOHN DEERE 3350, con pa de dobre tracción. Seminovo.
-Tractor RENAULT 88. Dobre embrague, dirección hidráulica. En bo estado.
-Tractor JOHN DEERE 2650, de dobre tracción.
-Tractor FIAT 80-90 con HI-LO e inversor de dobre tracción.
-Desbrozadora forestal desprazable lateralmente.
-Remolque, anciños (varios modelos), sulfatadora, abonadora, segadora (varias marcas), desensiladora, etcétera.
Chamar ao 982 153 182, ao 676 704 434 ou 679 966 032.

Véndese
Rotoempacadora CARRARO.
Preguntar por Xosé Manuel no 686 118 173.

Véndense
-Circuíto de muxido GASCOIGNE, con lavado automático.
-Tanque de refrixeración ALFA LAVAL de 735 litros.
Preguntar por Lisardo no teléfono 982 178 265.

COMPRAS

Mércase
Tanque de frío de 3.000 litros de capacidade.
Chamar ao 982 164 045

Mércase
Segadora BCS.
Preguntar por Luís no teléfono 982 363 634

Mércase
Cisterna de 6.000 litros en bo estado.
Chamar ao 609 733 289

OUTROS

Ofrécese
Traballador con experiencia na actividade agraria e en manexo de maquinaria. Para a provincia d'A Coruña.
Chamar ao teléfono 690 094 795 ou ao 648 037 002

Ofrécese
Rapador profesional de ovellas para a campaña 2006.
Preguntar por Adrián nos teléfonos 629 086 879 e 618 778 378

* * *

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Xosé Luís Arias López, membro da Dirección Nacional do SLG e viticultor

A pesares de vivir boa parte da súa vida en Francia coma emigrante, a chamada da terra fixo que Xosé Luís Arias López rematase na parroquia d'O Rosal, en Oímbra, traballando dúas hectáreas de viñedo. Das súas cepas abrollan castes coma Treixadura, Godello, Mencía ou Araúxa para fornecer á denominación de orixe galega menos desenvolvida, Monterrei. Membro da Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego e vocal do Consello Regulador desta DO, Xosé Luís participou nas negociacións nunha Mesa do Viño que non propiciou "ningún cambio importante".

"O presidente do Consello de Monterrei é un funcionario que só vén aquí cada tres meses"

■Foi tan problemática coma outros anos a última vendima en Monterrei?

Problemas hóuboos e hainos. Non se recolleu toda a uva dos viñedos adscritos á denominación de orixe, e iso que temos máis adegas ca antes: 17. Mesmo houbo uva de caste que foi vendida para viño de mesa. E non falemos de prezos, pois non se chegou a ningún acordo na Mesa do Viño e, a día de hoxe, aínda non sabemos a canto nos van pagar a uva.

■Daquela, non serviu para moito a Mesa do Viño de Monterrei.

Eu asistín ao encontro xunto ao responsábel de sector do SLG, Xosé Manuel González, e podo dicir que nesta DO non vin ningún cambio importante. Aquí temos un problema fundamental, que é a comercialización, e seguimos igual.

■Para iso tamén está o Consello Regulador, ¿non?

Eu represento ao SLG no Consello, pero practicamente non podemos facer nada. Nas eleccións, Xóvenes Agricultores fíxose coa maioría. Eles puxeron ao presidente que quixeron, e elixiron a un funcionario da Xunta que só vén aquí unha vez cada tres meses e non ten nin idea dos problemas que padece o sector. Eu non vexo que este señor teña particular interese en defender os intereses desta comarca.

Calquera proposta que o SLG fai diante do Consello Regulador só obtén a negativa desa maioría. Por exemplo, nin sequera nos votaron a favor de indicar esta zona como vinícola nos rótulos da autovía. Pódese dicir que nos dous últimos anos non se fixo practicamente nada.

Para que isto funcione debemos tirar todos no mesmo sentido, tanto adegas como viticultores. A función do presidente non pode ser figurar para saír na foto e dedicarse a regalar viño. Haberá que volver convocar eleccións ou chegar a un acordo para trocar ao actual presidente.

■¿O Consello Regulador nin sequera se implica en problemas tan importantes coma os prezos?

¡Que va! Hai tres anos, dende o SLG fixemos un intento de crear contratos homologados, pero o presidente do Consello Regulador non se quixo implicar e limitouse a deixarnos o local para facer a xuntanza. Evidentemente, o contrato debería ser apoiado polo Consello Regulador e pola Xunta, pero nin nestes temas quixeron entrar.



Para Xosé Luís Arias, as terras de Monterrei son privilexiadas para practicar o oficio da viticultura

"En Galiza hai demasiada política e moi poucas accións efectivas"

■¿Que pensa que debería facer a Xunta para virar a situación?

Potenciar a faceta comercial desta denominación, dando a coñecer os nosos produtos. Se as adegas non teñen tras súa a unha Administración que informe e asesore sobre como promover o viño, entón terémolo moi difícil, pois hai moita competencia. En Francia, eu vin como os políticos levaban canda si nas súas comitivas a empresarios para tratar temas comerciais a calquera lugar que fosen. Co viño, os nosos políticos deberían facer o mesmo. Aquí hai demasiada política e poucas accións efectivas.

Tamén se bota de menos que a Oficina Agraria Comarcal non dedique máis esforzos á formación dos viticultores. Hoxe a viticultura non é un oficio no que se esixe calidade, e para iso hai que ter unha base e uns coñecementos determinados dos que se debería responsabilizar a Administración.

■Con este panorama, a xente nova non se animará moito a tomar o relevo.

Aquí é moi difícil que se incorpore a xente nova cos prezos que ten a terra. Mercar terra significa empeñarse, cando o meirande das leiras desta zona están sen explotar. A idea do banco de terras creo que sería unha das posíbeis solucións para desenvolver o sector. Dende logo, se tes dúas hectáreas repartidas en trinta fincas, como moitas persoas de aquí, pasas o tempo polos camiños e iso non é rendíbel, nin sequera che compensa ter maquinaria. Iso inflúe en que xa non quede xente nova para traballar as viñas.

"Grazas ás xestións do SLG, unha adega mercará 20.000 olas de viño"

■Semella que, en moitos sentidos, Monterrei é a irmá pequena das denominacións de orixe galegas.

A nosa é unha das denominacións máis novas de Galiza, xunto á Ribeira Sacra. Ambas naceron en 1993. A diferencia é que, hoxe, a Ribeira Sacra ten máis de oitenta adegas, e nós só dezasete. Un dos motivos é que por aquí a política está pouco implicada co agro.

Ao final, Monterrei sempre quedou coma un depósito de viño para fornecer a outras denominacións de orixe. Cando a colleita é moi mala en Rías Baixas, levan a nosa uva para producir baixo o amparo da súa denominación. Eu coñezo casos de viño que saíu de Monterrei, porque non se daba vendido, para ser comercializado con etiquetas d'O Ribeiro e Rías Baixas, e chegar a acadar premios vendéndose coma se fosen destas denominacións.

■Iso quere dicir que o viño de aquí pode competir con calquera.

Si, pois calidade haina: temos adegas premiadas, e un clima moi axeitado para o viñedo. Cando aquí damos cinco mans de sulfato, están no Ribeiro con dez, e nas Rías Baixas con quince. A mágoa é que, hoxe en día, vaias a un restaurante de Ourense, pidas un viño de Monterrei, e non cho teñan.

■Así e todo, esas avantaxes comparativas das que goza Monterrei deberían dar pé á esperanza.

Esperanza sempre hai que ter. Aquí reestruturouse moito, e a xente pensaba que así podería ir a mellor a situación. Hoxe estase vendo que moita uva de caste remata por venderse para facer viño de mesa. As adegas deberían ter máis vontade comercial, unirse, contratar comerciais para sacar isto adiante. Non por facer máis adegas vai ir a cousa mellor. Hoxe estamos igual que cando tiñamos só dez adegas, coa diferencia de que agora nos pagan a uva á metade que antes.

■De todos xeitos, non todo irá tan mal, algunha nova boa haberá...

Home, si. No caso do viño a granel, eu destacaría unha iniciativa do Sindicato Labrego grazas á cal unha adega poderíase comprometer a mercar 20.000 olas de viño. Ata o de agora, os excedentes ían para adegas como Caride ou Arnoia a prezos de 3 euros a ola (16 litros). Agora, grazas á intermediación do SLG, unha adega recollerá ese viño pagándoo a 8 euros a ola.